



Expediente	Modificación do Cadro de Persoal
Trámite	Anuncio aprobación inicial.

Polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 28.09.2018, aprobouse inicialmente a modificación do Cadro de Persoal do Concello e do seu organismo autónomo para o ano 2019, de conformidade coa proposta do concelleiro delegado da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio de data 24.09.2018.

Polo tanto, expónse ao público nas oficinas do servizo de Persoal deste Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste Edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que teñan por convenientes ante o Pleno da Corporación.

De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación do Cadro de Persoal consideraranse definitivamente aprobada, entrando en vigor logo da súa publicación no BOP na forma legalmente establecida. Remítanse así mesmo, copias a Administración do Estado e Comunidade Autónoma.

Así mesmo, e de acordo co art. Art. 7 c) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), o detalle da modificación do cadro de persoal inicialmente aprobado e a súa memoria, poderá examinarse no menú "Transparencia" da sede electrónica deste Concello (sede.pontevedra.gal).

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril; 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 126 e 127 do RD Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido do Réxime Local.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra, ao día da data da sinatura.

O Secretario,

